

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía chama á reflexión sobre o factor humano para erradicar a sinistralidade nas estradas

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2015- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organiza as III Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade este sábado 12 de decembro na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), coa intención de poñer o foco sobre o factor humano á hora de loitar contra a sinistralidade nas estradas. Nesta actividade porase sobre a mesa como as intervencións e as avaliacións das persoas condutoras son un eixo decisivo na prevención dos accidentes de tráfico. Tendo en conta a importancia que ten o factor humano, resulta un paradoxo que se poña unha maior énfase na revisión dos vehículos que na dos condutores e condutoras.

Os cambios da normativa de tráfico e do Código Penal que se aplicaron recentemente teñen unha serie de implicacións e de efectos que diferentes profesionais da psicoloxía e da seguridade viaria valorarán na xornada, de cara a optimizar os resultados das intervencións desde a psicoloxía. A conferencia inaugural correrá por conta do asesor da Área de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología de España, Jesús Cabezos Fernández, que se pronunciará sobre o seu ámbito de especialización. Á continuación terá lugar unha mesa redonda sobre as accións pola seguridade viaria, na que intervirán M^a Victoria Gómez Dobarro, xefa provincial de Tráfico da Coruña e coordinadora de Tráfico de Galicia, para falar sobre as distraccións ao volante; xunto con Francisco Javier Molano Martín, tenente coronel xefe da Garda Civil de Tráfico na nosa Comunidade, que exporá as estratexias de conducción en persoas maiores.

A segunda mesa redonda da xornada abordará as intervencións desde a psicoloxía do tráfico e da seguridade que se veñen realizando en Galicia, coa participación dos diferentes profesionais que veñen actuando no territorio e que forman parte do Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio. Así, Rosa María Domínguez Cameán, directora dun centro de recoñecemento, reflexionará sobre o rol dos psicólogos e psicólogas nestes centros; mentres que Carlos Gestal Gestal, formador en seguridade, contribuirá coa experiencia dos cursos de sensibilización e reeducación viaria. Os sete anos de percorrido das Xornadas de Concienciación serán explicados polo psicólogo da Asociación Alzheimer, Juan Manuel Bonome Rodal. Pola súa banda, María Mariño Barca, subdirectora dun centro de recoñecemento, exporá o programa Sevime, que intervén con menores penados/as por tráfico rodado; mentres que María Jesús Sánchez Peteiro, directora dun centro de recoñecemento, será a responsable de trasladar o programa Psicovial que intervén na modificación de condutas ao volante. Finalmente, Eva Muíño Gómez e Xosé Antón Gómez Fraguela, do Grupo Udipre (Unidade de Investigación en Prevención e Tratamento de Problemas de Conduta) da Universidade de Santiago de Compostela, achegarán as investigacións en marcha neste ámbito.

A psicóloga do Centro de Inserción Social da Coruña, Ana Suárez Martínez, será a responsable da conferencia de clausura, que se centrará nos cambios legislativos e nos programas en tráfico e seguridade viaria.

As Xornadas da Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade, que chegan á súa terceira edición, pretenden ser un foro de encontro e reflexión do conxunto de intereses e aplicacións que os psicólogos e psicólogas teñen no campo da seguridade e da educación viaria, así como da seguridade pública e privada. Téntase así favorecer a reflexión nos centros psicotécnicos, centros de sensibilización, programas de concienciación ou intervención psicolóxica, para finalmente compartir e acadar novas liñas de investigación e de actuación.

Saúdos,

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal